



SERVIZOS DE TRANSPORTE PARA O CONCERTO DE “ROMEO SANTOS”.
MULTIUSOS FONTES DO SAR (mércores 1/4/2015).

Detalle dos servizos de transporte urbano para achegarse ao multiusos Fontes de Sar con motivo do concerto de Romeo Santos, o mércores 1 de abril:

- **SERVIZO LANZADEIRA** de xeito continuado, a partir das **18:30 e ata as 22:30**, hora de inicio do concerto.
Punto de saída: rúa de Ramón Piñeiro (lateral do Parlamento de Galicia), directo ata o multiusos Fontes do Sar.
Localización da parada para acceder ás lanzadeiras:
 - Coordenadas 42.873532, -8.5431691
 - <http://goo.gl/maps/CGN3S>
- **LIÑA C11 (circular de Fontiñas):**
Accederá ao multiusos Fontes do Sar en todos os servizos comprendidos entre as **18:30 e as 22:15**. Esta liña conta cunha frecuencia de 15 minutos ao longo de todo o día.
As paradas máis céntricas para acceder a esta liña sitúanse na rúa Xeneral Pardiñas (paradas 673 e 674), praza de Galicia – dirección norte (parada 409), rúa da Ensinanza (parada 228) e rúa Virxe da Cerca nº 10 (parada 662).
O resto do día, fóra do horario en que a liña entra ao multiusos, a parada para baixarse máis próxima é na rúa Londres, no barrio de Fontiñas.
- **LIÑA 9 (Casas Novas – rúa da Senra – multiusos de Sar – Cidade da Cultura):**
A liña 9 tamén inclúe a parada do multiusos no seu percorrido. Conta cunha frecuencia de 60 minutos e as paradas máis céntricas de acceso son as situadas na rúa da Senra nº 13 (parada 598), rúa da Ensinanza (parada 228) e rúa Virxe da Cerca nº 10 (parada 662). Horas de paso aproximadas polo centro da cidade cara o multiusos, ás 16:35, 17:35, 18:35, 19:35, 20:35, etc.
- **LIÑA C5 (circular do polígono de Costa Vella):**
Tamén con parada no multiusos, podendo empregarse para o acceso desde outros puntos da cidade. Conta cunha frecuencia de 60 minutos.
Paradas céntricas para a liña C5: praza de Galicia – dirección sur (parada 410), rúa da Rosa (parada 479). Horas de paso aproximadas polo centro da cidade cara o multiusos, ás 17:00, 18:00, 19:00, 20:00, etc.

Ao remate do concerto, manterase o **SERVIZO LANZADEIRA** desde o multiusos con destino á rúa de Ramón Piñeiro (lateral do Parlamento de Galicia), desde as **00:30 ata as 2:00**, hora estimada de finalización.

Para calquera consulta acerca de horarios e percorridos das distintas liñas, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901 12 00 54**; a páxina web www.tussa.org; así como os perfís “maisbus” en facebook  e twitter .